



Resolución pola que se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da modificación da composición do padroado da Fundación Escuelas Nieto

Examinada a documentación remitida pola Fundación Escuelas Nieto en relación coa modificación da composición do seu padroado, resultan os seguintes:

FEITOS

1. A Fundación Escuelas Nieto foi constituída en escritura pública outorgada por Antonio Conde Domínguez, en representación de Ramón Nieto Otero, ante o notario Vicente Barros Rodríguez o día 19 de xaneiro de 1923, co número 59 do seu protocolo. Mediante Real Orde do Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes de 12 de abril de 1924 foi clasificada como fundación de beneficencia particular docente.

O expediente correspondente a esta fundación foi transferido á Xunta de Galicia en virtude do Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, estando actualmente inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, co número 1923/3 (número 46 na Sección da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, subsección de Educación).

2. O día 13 de marzo de 2014 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela un escrito remitido pola fundación no que comunicaba a modificación da composición do seu padroado. Co devandito escrito achegaba un certificado acreditativo de que o padroado da fundación, en reunión ordinaria celebrada o día 6 de marzo de 2014, adoptou por unanimidade o acordo de designar como interventora a Carmen Patricia Izquierdo Fernández. Consta, así mesmo, a aceptación expresa do cargo por parte da interesada.

3. Consonte o artigo 14 dos estatutos da fundación, o padroado estará composto por un presidente, un vicepresidente, un secretario, un interventor e tres inspectores. Será secretario nato o director do centro educativo Escuelas Nieto e inspectores natos: o alcalde do Concello de Vigo, o xefe de estudos e o secretario do centro.

De acordo cos citados estatutos e as sucesivas modificacións acreditadas ante este Rexistro, o padroado da Fundación Escuelas Nieto queda constituído polo seguintes membros:

- Presidente: Ramón Costas Amoedo
- Vicepresidenta: Encarnación Cerviño Dacal
- Secretario: Rodrigo Martínez González
- Interventora: Carmen Patricia Izquierdo Fernández
- Inspectora: María Remedios Álvarez Pereira (secretaria de Escuelas Nieto)
- Inspectora: Teresa Iglesias Vilar (xefa de estudos de Escuelas Nieto)
- Inspector: Abel Caballero Álvarez (alcalde do Concello de Vigo)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é competente para o coñecemento da solicitude formulada en virtude do disposto no artigo 7.2.b) do Regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, que determina que lle corresponde ao departamento con competencia específica sobre a materia propia dos fins da fundación, a inscrición na sección do Rexistro de fundacións de interese galego do departamento dos actos relativos a cada unha das fundacións sobre as cales exerza o protectorado.

Segundo. Resultan cumpridas as obrigas establecidas nos artigos 54.c) da Lei 12/2006, do 1 de decembro de fundacións de interese galego e 21.d) do regulamento antes citado, referidos á obrigatoriedade de comunicarlle ao protectorado e solicitar a inscrición no Rexistro de fundacións de interese galego, do nomeamento, a suspensión, o cesamento e a renuncia dos membros do padroado e, de proceder, dos/as liquidadores/as.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Dar por cumprida a obriga da Fundación Escuelas Nieto de comunicar a este protectorado a modificación da composición do seu padroado e ordenar a súa inscrición no Rexistro de fundacións de interese galego, Sección da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Contra esta resolución poderá interpoñerse un recurso de alzada ante o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto polos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2014

O secretario xeral técnico



Jesús Oitavén Barcala